



ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 126/2025, de data 11.02.2025, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

Asunto: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA DO POSTO DE POLICÍA LOCAL

Expediente: 2025/E001/000001; 2025/G003/000138

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 40/2025 do 20.01.2025, aprobáronse as bases para a cobertura mediante comisión de servizos voluntaria do posto de policía local no departamento de Seguridade, ao abeiro do art. 96 da LEPG (Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

A tal efecto publicouse no BOP núm. 18 do 28.01.2025 un anuncio de dita convocatoria. Este anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 06.02.2025, incluído.

No prazo habilitado ao efecto non consta presentada ningunha instancia de participación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, consonte o disposto na base sétima das reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

Persoas aspirantes admitidas: Non constan

Persoas aspirantes excluídas: Non constan

SEGUNDO.- Outorgar un prazo de dez (2) días hábiles para que as persoas aspirantes poidan emendar a documentación presentada, de acordo coa base cuarta.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente o 13.02.2025 polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey